



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

ESTATUTOS



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA

CAPÍTULO I DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artº 1º: Denominación.

Baixo a denominación de *Asociación Profesional de Historiadores da Arte de Galicia*, constitúese en Santiago de Compostela unha entidade de carácter profesional, ao abeiro do disposto na Lei 19/1977 de 1 de abril reguladora do Dereito de Asociación Sindical e no Decreto 873/77 de 22 de abril, rexéndose pola mencionada ley, as súas normas complementarias e os seus propios Estatutos

Artº 2º: Personalidade e capacidade.

A Asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan precisos para o cumprimento dos fins polos que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artº 3º: Domicilio.

1. O domicilio social da Asociación radicarán na Facultade de Xeografía, Historia e Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, Praza da Universidade, nº 1.
2. O cambio de domicilio requirirá o acordo da Asemblea Xeral, convocada a tal efecto, así coma tamén a modificación dos presentes Estatutos.

Artº 4º: Ámbito de actuación.

O ámbito territorial da Asociación é o territorio autonómico de Galicia.

Artº 5º: Duración.

A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, por vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou por causas previstas na lexislación vixente.



CAPÍTULO II OBJECTO DA ASOCIACIÓN

Artº 6º: Fins.

1. A Asociación Profesional de Historiadores da Arte de Galicia ten como fins:
 - a. Representar e defender as necesidades e criterios profesionais dos seus membros e a xestión e defensa dos seus intereses lexítimos.
 - b. Fomentar o permanente perfeccionamento dos seus membros, de acordo coa evolución das técnicas e as necesidades da Historia da Arte. Establecer criterios para a formación dos futuros profesionais.
 - c. Destacar ante a sociedade a riqueza do Patrimonio Artístico e Cultural e a necesidade duns profesionais especificamente formados que garantan a súa adecuada conervación, documentacion, investigación e difusión
 - d. Defender a Historia da Arte como disciplina autónoma con competencias profesionais diferenciadas e con medios, métodos e ferramentas propias. Non obstante, promoverase a colaboración interdisciplinaria con outras áreas do coñecemento.
 - e. Promover e defender como perfís profesionais da disciplina da Historia da Arte os seguintes:
 - I. Protección e xestión do patrimonio Histórico-Artístico e Cultural no ámbito institucional e empresarial: catalogación de conxuntos monumentais, planeamento urbanístico, asesoría técnica e dictames histórico-artísticos, xestión de programas, recursos humanos.
 - II. Conservación, exposición e mercado de obras de arte: museos, centros de arte e cultura, arquivos e centros de imaxe (fototecas, filmotecas,...), subastas e expertizaxe, anticuarios e peritaxe, comisariado artístico.
 - III. Difusión do Patrimonio Artístico: interpretación, turismo cultural, programas didácticos.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- IV. Investigación e docencia: universidade, institutos científicos, escolas de artes e oficios, escolas de turismo, escolas de deseño, ensinanzas medias.
 - V. Producción documental e divulgación dos contidos da Historia da Arte: traballo especializado en editoriais, medios de comunicación, novas tecnoloxías audiovisuais e de soporte electrónico.
- f. Fomentar e promover o coñecemento, protección, difusión e posta en valor do Patrimonio Artístico e Cultural, potenciando o seu valor como medio de divulgación cultural, educativa e científica.
 - g. Contribuír á formación e perfeccionamento de estudantes, investigadores e educadores do ámbito da Historia da Arte e de todo o relativo a ela.
 - h. Promover e fomentar actividades de formación e de divulgación da Historia da Arte, no ensino regulado e non regulado, e con especial atención ao ámbito universitario.
 - i. Servir de órgano de comunicación e intercambio de ideas, documentación e divulgación das mesmas entre persoas físicas e xurídicas que investiguen, escriban ou estuden a Historia da Arte de xeito profesional.
 - j. Promover e divulgar os coñecementos culturais e científicos dos membros da mesma no ámbito local, autonómico, nacional ou internacional.
 - k. Colaborar con Entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades de estudo, divulgación ou investigación en materias relacionadas coa Historia da Arte.
 - l. Contribuír á sensibilización dos poderes públicos e da sociedade en xeral, en canto ás necesidades culturais dos cidadáns.
2. Para conseguir estes fins, esta Asociación poderá realizar cantas actividades lícitas considere oportunas, especialmente:
- a. Promover e fomentar congresos, xornadas, encontros, certames, charlas, conferencias e calquera outro foro de debate científico-técnico que contribúa aos fins da Asociación.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- b. Promover e fomentar actividades formativas e divulgativas, especialmente, cursos, seminarios, talleres, ciclos temáticos e visitas culturais.
- c. Promover actividades formativas de capacitación profesional.
- d. Promover ou convocar concursos, premios, bolsas e axudas para a formación e a investigación.
- e. Promover e fomentar equipos de investigación, así coma organizar actividades científicas de investigación de carácter profesional.
- f. Editar e publicar, en calquera dos soportes posibles, catálogos, guías, material didáctico, revistas, cuxos temas sexan do ámbito de estudo de dita Asociación, promovendo especialmente a publicación de traballos dos seus asociados.
- g. Elaborar e elevar propostas ás distintas administracións sobre as necesidades culturais dos cidadáns.
- h. Difundir as actividades da Asociación a través da súa relación cos medios de comunicación.
- i. Calquera outra actividade que se considere conveniente e que responda aos fins da Asociación.

**CAPÍTULO III
ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

Artº 7º: *Dos órganos de goberno e representación.*

Os órganos de goberno e de representación da Asociación serán a Asemblea Xeral de Socios e a Xunta Directiva.

**SECCIÓN 1ª
A ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS**

Artº 8º: *Da Asemblea Xeral de Socios.*

- 1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno e estará integrada por tódolos asociados, coas limitacións que establezan os Estatutos de acordo coa lexislación vixente.
- 2. A Asemblea Xeral adopta os seus acordos polo principio de maioría democrática e debe reunirse, cando menos, unha vez ao ano.



3. A Asemblea pode ter carácter Ordinario e Extraordinario.

Artº 9º: Sobre a convocatoria das Asembleas.

1. As Asembleas serán convocadas polo Presidente da Asociación, por iniciativa propia, por acordo da Xunta Directiva ou por solicitude firmada, por, cando menos, un tercio dos socios que se atopen en pleno uso dos seus dereitos civís.
2. Acordada pola Xunta Directiva a convocatoria da Asemblea Xeral, o Presidente terá que convocala no prazo máximo de quince días naturais contados dende a data do acordo.
3. A solicitude de convocatoria de Asemblea Xeral efectuada polos socios, deberá conter a orde do día da sesión, achegando a información precisa para a adopción dos acordos. Do mesmo xeito, deberá conter un listado cos socios que avalan dita solicitude na que figure o seu nome e apelidos, DNI e sinatura, facéndose constar en dito listado a solicitude de convocatoria e o obxecto da mesma.
 - a. A devandita solicitude deberá ser presentada por duplicado ao Secretario da Asociación, o cal selará unha copia para a súa entrega ao presentador da mesma.
 - b. O Secretario, despois de comprobar os requisitos formais da convocatoria, dará conta inmediata ao Presidente para que, no prazo de quince días dende a súa presentación, convoque a Asemblea, que deberá celebrarse nun prazo non superior a corenta e cinco días dende a data da presentación da mencionada solicitude. No caso de que dita convocatoria carecese dos requisitos formais de convocatoria, o Secretario ha considerala coma non formulada, arquivándoa e comunicándollo ao socio que encabece a lista.
 - c. No caso de que o Presidente non convoque a Asemblea no prazo dos quince días seguintes ou convocase a Asemblea nun prazo posterior ao mes dende a solicitude, os promotores estarán lexitimados para proceder á convocatoria da Asemblea Xeral, expresando ditos extremos na convocatoria, a cal irá asinada pola persoa que encabece a lista da solicitude.

Artº 10º: Forma da convocatoria

1. A convocatoria efectuada polas persoas lexitimadas para iso, de acordo co artigo anterior, deberá ser comunicada cunha antelación de, cando menos, quince días antes da celebración da Asemblea.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

2. A convocatoria deberá conter a orde do día, así coma o lugar, data e hora da súa celebración.

Artº 11º: Da Asemblea Xeral Ordinaria.

1. Corresponde á Asemblea Xeral Ordinaria:
 - a. Examinar e aprobar, se procede, as contas e o balance do exercicio.
 - b. Examinar e aprobar, se procede, os presupostos do exercicio.
 - c. Aprobar, se procede, a memoria de actividades.
 - d. Aprobar, se procede, a xestión da Xunta Directiva.
 - e. Aprobar, se procede, o programa de actividades.

Artº 12º: Da Asemblea Xeral Extraordinaria.

1. Fóra dos puntos da orde do día expresados no artigo anterior, para a adopción de calquera acordo requirirase a convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:
 - a. Nomear e revogar os cargos da Xunta Directiva.
 - b. Aprobar, se procede, a modificación dos Estatutos da Asociación.
 - c. Aprobar, se procede, a disolución da Asociación.
 - d. Aprobar, se procede, a expulsión de asociados.
 - e. Aprobar, se procede, a creación de federacións ou a integración da Asociación dentro delas.
 - f. Aprobar, se procede, a remuneración dos membros dos órganos de representación da Asociación.
 - g. Examinar, deliberar e aprobar, se procede, calquera outro asunto que non estea expresamente encomendado á Asemblea Xeral Ordinaria.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

Artº 13º: Constitución da Asemblea.

1. As Asembleas quedarán plenamente constituídas, tanto as Ordinarias coma as Extraordinarias, previa convocatoria, cando concorran a elas, presentes ou representados, un tercio dos asociados con dereito a voz e voto.
2. Para o cómputo de socios ou número de votos total, as representacións deberanse presentar ao Sr. Secretario antes do inicio da sesión.
3. O Presidente e o Secretario da Asociación asumirán esta tarefa ao comezo da reunión.

Artº 14º: Deliberación e adopción de acordos.

1. Tódolos asuntos deliberaranse e votaranse na orde en que figuran na orde do día.
2. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas.
3. Os acordos relativos á disolución da Asociación, modificación dos Estatutos e remuneración dos membros da Xunta Directiva requirirán maioría cualificada dos 2/3 dos socios.
4. Os acordos da Asemblea Xeral que afecten á denominación da Asociación, domicilio, fins e actividades estatutarias, designación dos membros da Xunta Directiva, apertura e peche de delegacións, constitución de federacións, confederacións e unións, disolución ou as modificacións estatutarias hanse de comunicar ao Rexistro de Asociacións para a súa inscrición no prazo dun mes dende que se produza o acordo.

Artº 15º: Delegacións de voto e representacións.

1. A representación ou delegación de voto será só válida para a sesión ou convocatoria pola que se expida, sendo nula calquera delegación ou representación indefinida.
2. Haberase de facer constar por escrito, con indicación dos datos persoais e número de socio do delegante e representado, asinado e rubricado por ámbolos dous.
3. A delegación de voto ha de recaer necesariamente sobre un socio numerario ou fundador.



**SECCIÓN 2ª
DA XUNTA DIRECTIVA**

Artº 16º: *Composición e duración.*

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de goberno, representación e administración da Asociación, sen prexuízo das potestades da Asemblea Xeral.
2. Estará composta necesariamente polo Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e cinco Vocais.
3. A duración do mandato dos membros da Xunta Directiva será por catro anos, podendo ser reelixidos por outros catro anos.

Artº 17º: *Funcionamento.*

1. A Xunta Directiva reunirase, cando menos, unha vez ao mes, e en todo caso, cando o solicite algún dos membros.
2. Para a válida constitución da Xunta Directiva, a efectos de celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, deberá estar presente a metade máis un dos seus membros, requiríndose, necesariamente, a presenza do Presidente e do Secretario ou de quen os substitúan.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.
4. Non se poderá adoptar ningún acordo que non figure na orde do día, agás que, estando presentes tódolos membros da Xunta Directiva, o acorden por unanimidade.
5. A Xunta Directiva quedará validamente constituída, sen convocatoria previa, cando, estando presentes tódolos membros, así se acorde por unanimidade. As Xuntas así constituídas recibirán a denominación de Xunta Directiva Universal.
6. A propia Xunta Directiva designará de entre os vocais a quen teñan que substituír ao Secretario e ao Tesoureiro, en caso de ausencia por causa xustificada.
7. A convocatoria, cos seus elementos formais (orde do día, lugar e data), farase chegar cunha antelación mínima de corenta e oito horas á súa celebración, sen prexuízo para o disposto sobre a Xunta Directiva Universal.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

8. A asistencia á Xunta Directiva é obrigatoria; no caso de non poder asistir, comunicárase por escrito ao Presidente da Asociación con antelación mínima de vinte e catro horas.
9. Os integrantes da Xunta Directiva poderán recibir retribucións en función do cargo se así o aproba a Asemblea Xeral de Socios e queda debidamente reflectido nos presupostos e balances de contas anuais.
10. En todo caso, os membros da Xunta Directiva poderán recibir retribucións da Asociación pola prestación de servizos de carácter laboral ou profesional distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponde como membros dos órganos de representación.

Artº 18º: Elección de membros da Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva será elexida en Asemblea Xeral Extraordinaria cada cada anos polos socios presentes e representados mediante sufraxio libre e secreto.
2. As eleccións convocaranse cun mínimo de sesenta días de antelación e a elas poderán concorrer tódolos socios en activo que estean ó corrente no pago das cuotas.
3. As candidaturas presentaranse nun prazo máximo de vinte días a partir da convocatoria, especificando a concorrencia ós cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vocalía. Tamén poderase presentar un equipo completo de cargos. Todos eles faranse públicos con mínimo de vinte días de antelación á data da votación.
4. Realizarase unha soa votación mediante unha única papeleta, dividida en dous apartados, o primeiro para os cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro e o segundo para as Vocalías. Consideraranse nulas as papeletas que conteñan un número maior de nomes ou as que teñan nomes de persoas non elexibles.
5. Consideraranse elexidos nos cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro aqueles que obtivesen o maior número de votos. No caso das Vocalías, serán elexidos os cinco primeiros candidatos con maior número de votos.
6. En caso de empate no recuento, resolverase por renuncia voluntaria ou por unha nova votación entre os candidatos empatados.



Artº 19º: Cesamento nos cargos.

1. Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus respectivos cargos polas seguintes causas:
 - a. Por morte ou declaración de falecemento.
 - b. Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
 - c. Por resolución xudicial.
 - d. Por transcurso do período do seu mandato. Non obstante, ata que se proceda á Asemblea Xeral subseguinte para a elección de nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións, debéndose expresar dito carácter en cantos documentos tivesen que firmar en función aos respectivos cargos.
 - e. Por renuncia.
 - f. Por acordo adoptado coas formalidades estatutarias, en calquera momento, pola Asemblea Xeral.
 - g. Pola perda da condición de socio.
2. Os cesamentos e nomeamentos deberán ser comunicados ao Rexistro de Asociacións, para a súa debida constancia e publicidade.

Artº 20º: Das atribucións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Convocar e fixar, de acordo co Presidente, a data de celebración da Asemblea Xeral.
2. Confeccionar o plano de actividades, así coma redactar a memoria anual de actividades.
3. Manter, interpretar e coidar do exacto cumprimento dos presentes Estatutos, normas e disposicións de desenvolvemento dos mesmos, así coma executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral de socios.
4. Elaborar os presupostos de cada exercicio.
5. Crear as Comisións de traballo, ou seccións que se estimen necesarias para conseguir os fins da Asociación, coordinando ao



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

propio tempo o labor dos mesmos, os cales serán presididos por un vocal da Xunta Directiva.

6. Adoptar os acordos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins da Asociación, procurando establecer os medios e procedementos precisos para o seu desenvolvemento.
7. Elaborar a normativa de Réxime Interior.
8. Acordar, dando coñecemento á Asemblea Xeral, a admisión de novos socios.
9. Propoñerlle á Asemblea Xeral a contía e dedución das contribucións dos membros da Asociación.
10. Fiscalizar o réxime económico da Asociación.
11. Levar a cabo tódolos actos que se consideren oportunos para o bo funcionamento da Asociación e, en xeral, exercer cantas funcións non estean expresamente encomendadas á Asemblea Xeral ou outros membros dos órganos de representación.

Artº 21º: Do Presidente.

1. Correspóndelle ao Presidente:
 - a. Ostentar a representación, dirección e xestión da Asociación.
 - b. Presidir e moderar as sesións da Xunta Directiva, así coma convocala e fixar a orde do día.
 - c. Decidir co seu voto os empates a efectos de adoptar acordos.
 - d. Velar polo cumprimento dos fins da Asociación.
 - e. Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
 - f. Ordenar os gastos e pagamentos da Asociación.
 - g. Subscribir co Secretario as Actas das sesións e toda clase de documentos que se emanen da Asociación.
 - h. Xestionar, de acordo coa Xunta Directiva, a petición de doazóns e subvencións e, en xeral, toda clase de axudas que se consideren necesarias para os fins da Asociación, así coma aceptalas en nome da mesma.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- i. Administrar, de acordo coa Xunta Directiva, o Patrimonio, recursos económicos e bens da Asociación.
- j. Representar legalmente á Asociación fronte a terceiros.
- k. En xeral, suplir a falta de capacidade de obrar dos demais órganos rectores da Asociación en tódolos casos que esixa a lexislación vixente.

Artº 22º: Do Vicepresidente.

- 1. Corresponderá ao Vicepresidente realizar as funcións do Presidente nos casos de estar vacante o cargo por ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Asociación naqueles supostos en que se decida pola Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral, segundo os acordos.

Artº 23º: Do Secretario.

- 1. Corresponde ao Secretario da Asociación:
 - a. Actuar coma tal nas reunións, levantando Acta das mesmas.
 - b. Asistir ao Presidente para fixar a orde do día e cursar as convocatorias.
 - c. Expedir certificacións, para o cal deberá ter o Visto e Prace do Presidente.
 - d. Custodiar e levar os libros (excepto o de contabilidade), documentos e selos da Asociación, así coma levar o rexistro e ficheiros.
 - e. Redactar a memoria final anual, os planos de actividades e os documentos que sexan necesarios.
 - f. Asignar e informar aos membros dos servicios que lles corresponda efectuar, así coma o Visto e Prace dos mesmos.
 - g. Efectuar a convocatoria das sesións da Xunta Directiva e Asemblea, por orde do Presidente, así coma as citacións dos membros daquela e socios desta.
 - h. Dar conta inmediata ao Presidente da solicitude de convocatoria efectuada polos socios na forma prevista no artigo 9º dos presentes Estatutos.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- i. Recibir os actos de comunicación dos membros da Xunta Directiva con relación a esta e dos socios e, polo tanto, das notificacións, peticións de datos, rectificacións, certificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
 - j. Preparar o despacho dos asuntos e polo tanto da documentación correspondente que houbese de terse en conta.
 - k. Calquera outras funcións inherentes á súa condición de Secretario.
2. Nos casos de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, o Secretario será substituído polo vocal que elixa a Xunta Directiva.

Artº 24: Do Tesoureiro.

1. Corresponde ao Tesoureiro:
 - a. Dirixir a contabilidade, así coma custodiar e levar os libros contables, en cumprimento coas obrigas fiscais.
 - b. Ser depositario dos fondos da entidade, recadalos e custodialos, expedir recibos, intervir e efectuar os pagamentos, ordenados polo Presidente.
 - c. A elaboración do anteproxecto de Presupostos para a súa aprobación pola Xunta Directiva e para o seu sometemento á Asemblea Xeral. Na mesma forma procederá de acordo co Estado Xeral de Contas para a súa aprobación anual pola Asemblea.
 - d. Calquera outras funcións inherentes á súa condición de Tesoureiro, como responsable da xestión económica financeira.

Artº 25: Dos Vocais.

Os Vocais teñen como misión axudar ao Presidente na preparación e execución dos acordos. Estarán á fronte das Seccións ou Comisións de Traballo que poidan ser creadas.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

Artº 26: *Das obrigas e responsabilidades dos membros da Xunta Directiva.*

1. Son obrigas da Xunta Directiva, a título enunciativo, cumprir e facer cumprir os fins da Asociación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o cargo coa debida dilixencia dun representante leal e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes ou nos presentes Estatutos.
2. Os membros da Xunta Directiva responderán fronte á Asociación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á Lei ou aos Estatutos ou polos realizados con negligencia. Quedará exento de responsabilidade quen se opuxese expresamente ao acordo determinante de tales actos ou non participase na súa adopción.

**SECCIÓN 3º
DISPOSICIÓN COMÚNS AOS ÓRGANOS**

Artº 27º: *Das Actas.*

1. De cada sesión que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, levantarase Acta polo Secretario, que especificará necesariamente o quórum necesario para a válida constitución (no caso da Xunta Directiva especificarase necesariamente os asistentes), a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo no que se celebraron, os puntos principais das deliberacións, así coma o contido dos acordos adoptados.
2. Na Acta figurará, a solicitude dos respectivos membros e/ou socios, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.
3. As Actas aprobaranse na seguinte sesión, podendo, non obstante, emitir o Secretario certificación dos acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo, da ulterior aprobación da Acta.
4. As Actas serán firmadas polo Secretario co Visto e Prace do Presidente.

Artº 28º: *Impugnación de acordos.*

1. Os acordos da Asemblea Xeral e Xunta Directiva poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional civil na forma legalmente establecida.
2. Os asociados poderán impugnar os acordos e actuacións da Asociación que estimen contrarios aos Estatutos dentro do prazo de



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

corenta días, a partir da data de adopción dos mesmos, instando a súa rectificación ou a anulación e a suspensión preventiva no seu caso, ou acumulando ambas pretensións polos trámites establecidos na Lei de Axuizamento Civil.

3. En tanto se resolven as contendas de orde interna que poidan suscitarse na Asociación, as solicitudes de constancia rexistral que se formulen sobre as cuestións controvertidas só darán lugar a anotacións provisionais.

**CAPÍTULO IV
PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E
PERDA DA CALIDADE DE SOCIO**

Artº 29º: *Adquisición da condición de Socio.*

1. Adquírese a condición de Socio mediante a solicitude do interesado, acompañada da documentación exixida.
2. Poderán ser membros da *Asociación Profesional de Historiadores da Arte de Galicia*:
 - a. Licenciados en Historia da Arte.
 - b. Licenciados en Xeografía e Historia, coa especialidade en Historia da Arte.
 - c. Licenciados en Filosofía e Letras, coa especialidade de Historia da Arte.
 - d. Os estudantes das titulacións de Historia da Arte e Xeografía e Historia.
3. As persoas físicas deben non estar suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.

Artº 30º: *Perda da condición de Socio.*

1. A condición de Socio perderase por algunha das seguintes causas:
 - a. Pola libre vontade do asociado. Neste suposto, será suficiente a presentación de renuncia escrita presentada ante a Secretaría da Asociación. Os efectos serán automáticos, dende a data da súa presentación.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- b. Por impagamento das cotas establecidas pola Asemblea Xeral de Socios para cada asociado por un ano. Para que opere esta causa, será necesaria a expedición polo Tesoureiro de certificado de descuberto, coa sinatura do Presidente. Os efectos serán dende a súa notificación ao socio moroso, facéndose constar, necesariamente, a perda da condición de socio. Non obstante, non se perderá a condición de socio se este, por escrito, alega motivos de forza que lle impidan facer fronte ao pagamento da cota, previo acordo favorable da Asemblea Xeral e mentres persista a circunstancia.
- c. Malia o disposto no apartado anterior, o socio que perdesse dita condición pola citada causa, poderá rehabilitala se, no prazo de seis meses dende a notificación, abonase as cotas debidas, así coma as transcorridas dende dito momento ata a solicitude de reingreso.
- d. Por incumprimento grave dos presentes Estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos de representación. Nese caso será requisito indispensable o acordo da Asemblea Xeral adoptado por 2/3 do número de votos validamente emitidos, motivándose suficientemente e sen prexuízo do estipulado polos presentes Estatutos respecto á expulsión de socios.

**CAPÍTULO V
DEREITOS E DEBERES DOS SOCIOS**

Artº 31º: *Tipos de Socios.*

1. Establécense os seguintes tipos de Socios:
 - a. **Socios Fundadores:** Aqueles que subscriben a Acta Fundacional, incorporándose á entidade coma Asociados.
 - b. **Socios Ordinarios:** Os Licenciados en Historia da Arte, Xeografía e Historia e Filosofía e Letras que ingresen na Asociación con posterioridade á subscripción da Acta Fundacional.
 - c. **Socios Aspirantes:** Os estudantes da Titulación en Historia da Arte que desexen ingresar na Asociación.

Artº 32º: *Dereitos dos Socios.*

1. Os Socios Fundadores e Numerarios terán os seguintes dereitos:



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- a. Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así coma asistir á Asemblea Xeral de acordo cos Estatutos.
- b. Ser informados sobre a composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c. Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- d. Acceder á documentación da Asociación, a través da Xunta Directiva.
- e. Usar os bens e instalacións de uso común da Asociación, con respecto a igual dereito do resto dos Socios, a través da Xunta Directiva.

2. Dereitos dos restantes Socios:

- a. Coñecer e solicitar información sobre as actividades da Asociación, nos termos establecidos nestes Estatutos.
- b. Propoñer por escrito, aos Órganos Competentes, as suxestións que estimen oportunas con respecto ás actividades da Asociación.
- c. Participar en todas aquelas actividades que organice ou coorganice a Asociación segundo o estipulado nos presentes Estatutos e, no seu caso, a normativa de Réxime interior.

Artº 33º: Obrigas dos Socios.

1. Son deberes dos Socios:

- a. Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b. Pagar as cotas, derramas e outras achegas que resulten das disposicións estatutarias.
- c. Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

- d. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
2. Sen prexuízo da perda da condición de socio por impagamento das cotas sociais, mentres se procede á súa expulsión, o socio terá en suspenso o dereito de sufraxio activo e pasivo. Dita suspensión do dereito producirase co impagamento dunha soa cota, mentres se proceda á súa regulación ou á perda definitiva da condición de socio.

**CAPÍTULO VI
RÉXIME ECONÓMICO**

Artº 34º: Patrimonio fundacional.

Na súa fundación, a Asociación carece de todo tipo de patrimonio.

Artº 35: Titularidade de bens e dereitos.

A Asociación deberá figurar como titular de tódolos bens e dereitos que integran o seu patrimonio, os cales se farán constar no seu inventario e se inscribirán, no seu caso, nos Rexistros Públicos correspondentes.

Artº 36º: Financiamento.

1. A Asociación, para o desenvolvemento das súas actividades financiarase:
 - a. Cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio, no seu caso.
 - b. Coas cotas dos socios, ordinarias e extraordinarias.
 - c. Cos donativos ou subvencións que puideran ser concedidas por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
 - d. Coas doazóns, herdanzas ou legados, aceptados pola Xunta Directiva.
 - e. Cos ingresos provenientes das súas actividades económicas.
2. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu reparto entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles en análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artº 37º: *Exercicio económico, presuposto e contabilidade.*

1. O exercicio económico coincidirá co ano natural, polo que comezará o 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano.
2. Anualmente, a Xunta Directiva confeccionará o presuposto que será aprobado en Asemblea Xeral. Coa aprobación do referido presuposto quedarán aprobadas as cotas ordinarias para o exercicio correspondente.
3. Para a aprobación de cotas extraordinarias, haberá de convocarse en Asemblea Xeral Extraordinaria, agás que a Asociación carecese de liquidez e a disposición e gasto correspondente fosen urxentes; neste caso abondará a adopción do acordo pola Xunta Directiva, previo informe do Tesoureiro e ulterior ratificación na Asemblea Xeral, que haberá de aprobarse no prazo de trinta días seguintes á adopción do acordo pola Xunta Directiva.
4. A Asemblea Xeral aprobará anualmente as contas da Asociación, unha vez rematado o exercicio presupostario ao que correspondan.
5. A Xunta Directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da Asociación.

**CAPÍTULO VII
DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN E
APLICACIÓN DO CAPITAL SOCIAL**

Artº 38º: *Disolución da Asociación.*

1. A Asociación poderá disolverse polas seguintes causas:
 - a. Por acordo adoptado por maioría cualificada en Asemblea Xeral Extraordinaria.
 - b. Polas causas que determinen as leis vixentes.
 - c. Por sentenza xudicial firme.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

Artº 39º: Liquidación.

1. Acordada a disolución da Asociación, ábrese o período de liquidación, ata a fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. Os membros da Xunta Directiva, no momento da disolución, convértense en liquidadores, agás que os designe a Asemblea Xeral ou o xuíz que, no seu caso, acorde a disolución.
3. Corresponderá aos liquidadores:
 - a. Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
 - b. Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c. Cobrar os créditos da Asociación.
 - d. Liquidar o patrimonio e pagarlles aos acredores.
 - e. Aplicar os bens sobrantes aos fins previstos polos Estatutos.
 - f. Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.
4. O patrimonio resultante despois de pagadas as débedas e cargas sociais, destinarase a entidades non lucrativas que persigan fins de interese xeral análogos aos realizados pola mesma.
5. En caso de insolvencia da Asociación, a Xunta Directiva, ou no seu caso os liquidadores, promoverán inmediatamente o oportuno procedemento concursal perante o xuíz competente.



**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
HISTORIADORES DA ARTE DE GALICIA**

aphag.info@gmail.com